



## RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA

**Asunto:** Ampliación prazos Consulta Pública Proposta Modificación Regulamento dos Consellos Parroquiais.

Normativa que resulta de aplicación:

- Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, lei 39/2015
- RD 463/2020, declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19
- RDL 15/2020 de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego
- RD 537/2020 polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo RD 463/2020

Con data do 27 de febreiro de 2020 publicouse o Anuncio polo que se iniciaba o prazo de quince días hábiles para que os colectivos e asociacións afectadas e a veciñanza en xeral puideran realizar as alegacións que tivesen por convinte á proposta de borrador do Regulamento dos Concellos Municipais Parroquiais.


Dita consulta pública tiña o seu fundamento no art. 133.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, có obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, establecéndose dito prazo de quince días hábiles dende a publicación do anuncio na páxina web municipal, polo que prazo remataba o día 18 de marzo do 2.020.

A veciñanza, as organizacións e as asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de quince días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Con data do 14/03/2020 se procede á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 o que motivou a suspensión dos prazos administrativos.

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 5XF-GPDTPTL-3MXF-JY76HYP54J9 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Con data do 01/06/2020 se dita o RD 537/2020 polo que se prorroga o estado de alarma, e no que se que se procede a levantar a suspensión dos prazos administrativos.

Segundo dita normativa o prazo para a realización de alegacións ao borrador do regulamento podería restablecerse polos días que faltan para o remate do prazo establecido ou iniciarse no seu cómputo.

Posto que segue vixente o estado de alarma, que implica a obriga do cumprimento de diversas medidas, das cales algunhas afectan ao normal funcionamento da administración ao ter que solicitar cita previa para a atención á cidadanía, sexa para realizar consultas como para a presentación dos seus rexistros, citas que se demoran no tempo debido ao inicio da actividade administrativa e do cumprimento das medidas hixiénico-sanitarias, polo que se considera que debe procederse á reiniciarse o prazo para a presentación de alegacións.

Abonda nesta decisión a circunstancia de que o inicio do prazo non perxudica os intereses de ningunha persoa, nin de ningún colectivo, e pola contra beneficia a toda a cidadanía e aos colectivos afectados ao dispoñer de maior tempo para poder presentar alegacións a través dos medios establecidos legalmente.

En virtude das competencias outorgadas pola lexislación de réxime local, se procede á adopción da seguinte

#### RESOLUCIÓN,

1. Ampliar o prazo da consulta Pública para participar na proposta modificación do Regulamento dos Consellos Parroquiais, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación do correspondente Anuncio.

A CONCELLEIRA DELEGADA

Susana Couñago Andrés

Documento datado e asinado dixitalmente na marxe.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 5XF-GPDTPTL3MXFJY76HYP54J9 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2